

Memoria de Actividades 2017



**COORDINADORA
GALEGA DE ONG**
para o Desenvolvemento

Memoria de Actividades 2017 da Coordinadora Galega de ONGD

EDITA

Coordinadora Galega de ONGD

Rúa Basquiños 33, 1º A – 15704 Compostela

www.galiciasolidaria.org


REDACCIÓN

Coordinadora Galega de ONGD

DESEÑO E MAQUETACIÓN

conxenia.gal

Algunhas das actividades organizadas e desenvolvidas pola Coordinadora e das que se dan conta nesta memoria contaron co apoio financeiro da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE) e o Concello de Santiago de Compostela.



Índice

Presentación.....	5
--------------------------	----------

Quen somos e como nos organizamos	9
--	----------

ONGD Socias	10
-------------------	----

Equipo de goberno.....	12
------------------------	----

Comisións e grupos de traballo.....	13
-------------------------------------	----

Equipo técnico	13
----------------------	----

Campañas	15
-----------------------	-----------

Comercio Xusto.....	16
---------------------	----

Pobreza Cero	18
--------------------	----

X Solidario	20
-------------------	----

Campaña Vigo Non Coopera.....	21
-------------------------------	----

Paro internacional de mulleres.....	22
-------------------------------------	----

Apoio á campaña 'Vinde xa'	23
----------------------------------	----

#DefendiendoAMaleno	24
---------------------------	----

Incidencia política.....	25
---------------------------------	-----------

Xornadas e formacións	29
------------------------------------	-----------

Xornadas de reflexión	31
-----------------------------	----

Chocolatada Xusta	35
-------------------------	----

Compostela + Solidaria	36
------------------------------	----

Formacións técnicas.....	38
--------------------------	----

Participación e traballo en rede.....	41
--	-----------

Coordinadora Estatal de ONGD	42
------------------------------------	----

Futuro en Común	43
-----------------------	----

Quorum Global.....	44
--------------------	----

Rede galega en apoio ás persoas refuxiadas.....	44
---	----

Ferramentas de comunicación	49
--	-----------

Análise político.....	50
-----------------------	----

Comunicación interna	50
----------------------------	----

Comunicación externa.....	51
---------------------------	----

Transparencia.....	53
---------------------------	-----------

Ferramenta de transparencia e bo Goberno da Coordinadora	54
--	----

A Coordinadora en cifras	55
--------------------------------	----

Datos económicos 2017	57
------------------------------------	-----------

Presentación

A Memoria de actividades é unha ferramenta para contar quen somos e que estivemos a facer e construír colectivamente o último ano. Para nós e as 45 ONGD asociadas este é un exercicio de transparencia e rendición de contas obrigatorio como representantes de parte da sociedade civil en Galicia.

O 2017 foi un ano cargado de traballo como comprobaredes nas seguintes páxinas. Un ano no que as ONGD consensuamos as nosas propostas para o IV Plan Director de Cooperación Galega que se negociará ao longo de 2018 coa Xunta de Galicia; no que nos formamos en cuestións relacionadas coa participación e o voluntariado, os feminismos, a comunicación e a incidencia política. 2017 foi tamén un ano de seguimento e de incidencia á política local de cooperación que desenvolven os concellos e deputacións galegas; e o ano da consolidación do programa Compostela+Solidaria cunha segunda edición chea de actividades e propostas para todas as idades.

En 2017 cumpriuse un ano da entrada oficial en vigor dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e da Axenda 2030 validada polos líderes mundiais en setembro de 2015 para dar resposta aos retos globais vinculados coa pobreza, as desigualdades e o colapso do planeta. Porén, ao longo do ano puidemos comprobar como esa Axenda non é asumida polos gobernos do mundo. Vímolos co trato que a Europa fortaleza deus ás persoas refuxiadas e migrantes que intentaban chegar ao continente para salvar as súas vidas: en 2017, máis de 3.000 persoas morreron no Mediterráneo intentando chegar a territorio europeo mentres gobernos como o español incumprían os acordos de acollida de persoas refuxiadas. Malia o primeiro ano de vida da Axenda 2030, a devastadora guerra en Siria continuou arrasando a vida de milleiros de persoas; a minoría étnica Rohingya en Myanmar fuxiu dos asasinatos masivos cara a Bangladesh, onde máis de 700.000 persoas se instalaban para malvivir en campos de refuxio; Estados Unidos suspendeu a admisión de persoas refuxiadas de Libia,



Irán, Iraq, Somalia, Sudán, Siria e Iemen, moitos dos cales países en guerra, e tirou adiante o plan para construír un muro coa fronteira con México.

En 2017, o terrorismo seguiu matando. Vivímolos de preto e con moita dor nos atentados de Barcelona e Cambrils. Pero Estado Islámico, Al-Qaeda e Boko Haram asasinaron centos de persoas en Afganistán, Somalia, Paquistán, Kurdistán, Exipto, Siria, Nixeria ou Mali ao longo do ano. Países con maioría de poboación musulmá e con conflitos e guerras que se manteñen no tempo grazas ás armas que exportan Europa e Estados Unidos, os mesmos territorios que pechan o paso á poboación civil que fuxe do horror da guerra.

Malia esta terrible realidade, 2017 tamén foi un ano cheo de loitas e alianzas da sociedade civil a favor da acollida de persoas refuxiadas; de apoio ás activistas defensoras dos Dereitos Humanos; de repulsa ás leis mordaza e os CIE; de mobilizacións feministas en contra da cultura da violación e da xustiza patriarcal. Foi o ano do #MeToo, do #NinUnhaMenos e do #VindeXa. A sociedade civil mobilizouse nas rúas, nas redes sociais e nos espazos de toma de decisións en contra dos desafuzamentos, da represión e a violencia policial, da pobreza enerxética e da privatización dos servizos públicos.

En Galicia, houbo mobilizacións en contra da coñecida como Lei de Depredación de Galicia aprobada polo goberno do PP tres días despois dos máis de 300 incendios que, en menos de 48 horas, acabaron coa vida de 4 persoas e arrasaron 50.000 hectáreas. Tamén houbo protestas e organización colectiva en contra da reforma da Lei Sanitaria promovida polo goberno e da aprobación de proxectos mineiros que terán terribles consecuencias ambientais e económicas no territorio.

O ano 2017 deixou unha chea de momentos e loitas que seguirán medrando. Nestas Memorias, atoparedes ás que marcaron a historia da Coordinadora!



**Quen somos e como
nos organizamos**

ONGD Socias

A Coordinadora Galega de ONGD naceu o 1 de xuño de 1991 da man de dúas organizacións xa desaparecidas: Comisión Galega pro-Amazonia e Estudiantes Solidarios. A este par de entidades se lles foron sumando, aos poucos, moitas outras organizacións e hoxe, 26 anos despois, na Coordinadora somos 45 ONGD asociadas.

A Asemblea Xeral da Coordinadora, onde están representadas todas as ONGD socias, celebrouse o 24 de marzo de 2017. Na Asemblea incorporáronse dúas novas organizacións: a ONGD AIDA (Ayuda, Intercambio y Desarrollo) e a Asociación Semilla para el Cambio. Por outra banda, fíxose efectiva a solicitude de baixa das ONGD Mundo Cooperante e A Cova da Terra.





Equipo de goberno

En 2017 renovouse a Xunta Directiva, o órgano de representación e toma de decisións da Coordinadora formada por representantes das ONGD membro. Logo de seis anos no cargo, Gema Filgueira deixou a Presidencia da Coordinadora e deu o relevo a Alejandro Quiñoá, que ata ese momento ocupaba o cargo de Secretario. Ángel Bañobre incorporouse á Directiva en substitución de Gonzalo Gesto e o resto do equipo mantívose pero ocupando distintos cargos. A nova proposta de equipo de goberno contou co apoio unánime da Asemblea.



NOME	CARGO	ONGD REPRESENTANTE
ALEJANDRO QUIÑOÁ CASTELEIRO	Presidencia	Asemblea de Cooperación pola Paz
GEMA FILGUEIRA GARRIDO	Vicepresidencia	Médicos do Mundo
PATRICIA IGLESIAS FERNÁNDEZ	Tesourería	Enxeñería sen Fronteiras
MARÍA PAZ GUTIÉRREZ	Secretaría	Solidariedade Internacional de Galicia
LAURA CASAL GUILLÉN	Vogalía	Amigo da Terra
LORENA SEIJO SANMIGUEL	Vogalía	Asociación Galega de Reporteiros Solidarios
PATXI DURÁN HURTADO	Vogalía	Ecos do Sur
MAIKA BELTRÁN MOREIRA	Vogalía	Oxfam Intermon
ÁNGEL BAÑOBRE GONZÁLEZ	Vogalía	Fundación Fabre



Comisións e grupos de traballo

Os grupos e as comisións de traballo son unha das canles de participación directa máis importantes da Coordinadora. Neles, as organizacións integradas e non integradas (e mesmo persoas a título individual) intercambian experiencias, saberes, reflexionan, chegan a acordos e impulsan iniciativas sobre os principais temas que afectan á axenda da Coordinadora e que permiten o cumprimento do Plan Estratéxico.

Actualmente existen tres comisións de traballo que traballan sobre temáticas concretas (educación para o desenvolvemento; incidencia política; e normativa e código de conduta) e tres grupos de traballo territoriais en Coruña (grupo Norte), en Lugo e en Vigo (grupo Sur) que teñen o obxectivo de descentralizar o traballo da Coordinadora, que ten a súa sede en Compostela, e potenciar o traballo conxunto entre as ONGD locais na organización de actividades e na incidencia política. Os grupos territoriais son de recente creación (2014) e contan cunha importante participación e implicación a nivel local.

Equipo técnico

A Coordinadora tamén conta cunha equipo técnico formado por tres persoas contratadas dende hai máis de 7 anos que traballan nas áreas de administración; de comunicación externa e sensibilización; e de xestión de proxectos.

Campañas

Ao longo do ano, a Coordinadora impulsou e participou en diversas campañas de sensibilización e mobilización dirixidas á cidadanía galega. No marco destas campañas achegamos información e organizamos actividades co obxectivo de concienciar sobre as causas e consecuencias das desigualdades e a pobreza no mundo e as posibles alternativas para o cambio. Tamén, para promover a reflexión crítica e a implicación colectiva para conseguir mudar a realidade.

Comercio Xusto


‘Apúntaste á loita? Máis de 20 anos de Comercio Xusto en Galicia’ foi o lema co que, de novo, en 2017 as ONGD da Coordinadora, xunto a outros colectivos de economía social, celebramos o Día Mundial do Comercio Xusto en 6 cidades. O obxectivo: lembrar que en Galicia xa hai máis de 20 anos que abriron as dúas primeiras tendas de comercio xusto; participar na promoción dun comercio alternativo que estea ao servizo das persoas e do medio; e amosar que existen alternativas xustas, sostíbeis e ecolóxicas para o consumo de alimentos, roupa e produtos artesanais xusto ao noso carón.

Para contribuír a visibilizar as opcións de consumo xusto, responsable e crítico que hai en Galicia, organizáronse ao longo do mes de maio actividades nas rúas, prazas e as propias tendas de comercio xusto de Galicia. Chegamos ata seis cidades (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vilagarcía e Vigo) nas que participamos na organización de feiras e actividades de difusión do comercio xusto. Houbo espazos para a venda de produtos e mesas informativas; desfiles de roupa de comercio xusto; obradoiros de reciclaxe e globoflexia; degustación de produtos; conta contos; xogos infantís para calcular a pegada ecolóxica; charlas informativas; concertos; etc. Centos de persoas puideron gozar colectivamente das actividades e experimentar coas alternativas e propostas que ofrece a economía solidaria.





Nestas actividades participaron distintas ONGD da Coordinadora (Solidariedade Internacional, Oxfam Intermón, Taller de Solidaridad, Asamblea de Cooperación pola Paz, Mans Unidas, Amigos da Terra, Semilla para el Cambio e Proclade), os proxectos Impórtanos de Vigo e Lugo Cidade Xusta, así como outros colectivos e proxectos sociais como Fiare Galiza, Bico de Grao, Mercado da Terra, a Redes Social Galicia Sur, Marcha Mundial das Mulleres, cooperativas de consumidoras e de agricultor@s locais, etc.



Pobreza Cero



En 2017 a Coordinadora sumouse de novo a Campaña Pobreza Cero co obxectivo de denunciar a Desigualdade Obscena que afecta a millóns de persoas en todo o planeta. No mundo, só 8 persoas concentran tanta riqueza como a metade máis pobre da humanidade (3.700 millóns de persoas).

Ante este intolerable realidade, a campaña tivo como lema 'Móvete contra a desigualdade obscena' e un obxectivo claro coincidindo co 17 de outubro, Día Internacional pola Erradicación da Pobreza: esixir aos distintos gobernos central, autonómicos e locais que se comprometan coa posta en marcha de medidas para acabar coas desigualdades nos orzamentos para 2018. Esiximos:

- Máis políticas públicas sociais de protección e inclusión.
- Axuda ao Desenvolvemento e Acción Humanitaria ata alcanzar o **0,7%** desligada de intereses comerciais e de control de fronteiras.
- Xustiza fiscal para a redistribución da riqueza

Para iso, abriuse unha campaña de recollida de firmas online en todo o Estado para esixir aos distintos gobernos que asuman dentro das súas competencias a responsabilidade de poñer en marcha accións destinadas a reducir as desigualdades obscuras. O Grupo Norte de Coruña da Coordinadora, pola súa banda, organizou unha acción de rúa na cidade co obxectivo de difundir a campaña e recoller sinaturas de apoio. O 18 de outubro, ao longo de todo o día, instalouse unha mesa informativa.





EDIFICIOS EMBLEMÁTICOS ILUMINADOS

Dende Galicia, para sumar difusión e apoios na campaña, promoveuse que distintos concellos galegos iluminaran edificios emblemáticos da cidade de cor vermella. Así, a Torre de Hércules da Coruña, o edificio do concello de Compostela e o castelo de Santa Cruz de Oleiros tinguíronse para denunciar o enriquecemento económico desmedido dunhas poucas persoas á conta do empobrecemento de millóns de persoas en todo o mundo e, ademais, sumáronse á campaña co compromiso de levar a cabo políticas de loitas contra a pobreza dende o ámbito local.

No caso específico do concello da Coruña, o 17 de outubro organizouse unha rolda de prensa conxunta entre a Concelleira de Asuntos Sociais, Rocío Fraga, e representantes do Grupo Norte da cidade, para dar a coñecer os obxectivos de Pobreza Cero.

X Solidario

A Coordinadora, xunto á Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia) e o CERMI, participou un ano máis na presentación e difusión da campaña do X Solidario. Esta é unha campaña impulsada a nivel estatal que ten por obxectivo promover que cada contribuínte marque na declaración da renda o recadro de 'Actividades de Interés Social' para que o 0,7% da súa cota íntegra, é dicir, dos seus impostos, se destine a financiar programas dirixidos a colectivos e persoas que están en situación de vulnerabilidade. O X Solidario permite decidir a que queremos destinar unha parte dos nosos impostos: a proxectos de acción social, de cooperación ao desenvolvemento e de medio ambiente. En 2017, presentáronse os datos da recadación de 2016 que amosaron que en Galicia unha de cada dúas declarantes (55%) marcou o "X solidario" (687.043 do total das 1.247.280 declarantes) e se recadaron case 15 millóns de euros.

Declara a túa solidariedade co teu 0,7% para Actividades de Interese Social



SOLIDARIA
www.xsolidaria.org

UN PEQUEÑO XESTO NA TÚA DECLARACIÓN DA RENDA
CAPAZ DE CAMBIAR A VIDA DE MILLÓNS DE PERSOAS





Campaña Vigo Non Coopera

As ONGD da cidade de Vigo integradas na Rede Social Galicia Sur e na Coordinadora Galega de ONGD puxeron en marcha, a mediados de maio, unha campaña de defensa da política de cooperación ao desenvolvemento no concello de Vigo.

Baixo o lema #VigoNonCoopera, a campaña lanzouse coa vontade de recoller sinaturas de apoio ás demandas das ONGD ao concello municipal: a aprobación dunha convocatoria pública de subvencións para proxectos de cooperación internacional; a posta en valor do Consello Municipal de Cooperación da cidade atendendo as peticións e recomendacións deste órgano consultivo; e seguir a recomendación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), que preside o alcalde de Vigo, de incrementar os fondos dedicados a cooperación internacional co obxectivo de tender cara ao 0,7% dos orzamento. A campaña estivo activa de maio a decembro e tivo presenza en prensa e redes sociais.

Paro internacional de mulleres

Decenas de asociacións e colectivo convocan o 8 de marzo un paro internacional de mulleres, un día de mobilizacións para loitar contra a violencia de xénero e o machismo en todas as súas expresións. Dende a Coordinadora Galega de ONGD sumámonos a este paro laboral e fixemos un chamamento a todas as organizacións e ao resto da cidadanía para que se sumaran de formas diversas: facendo un paro nas tarefas de coidados, paros parciais nos traballos asalariados, facendo folga de consumo, folga nas aulas ou participando das distintas mobilizacións e accións de protesta que se levaron a cabo.



Apoio á campaña ‘Vinde xa’

‘Vinde Xa’ foi unha campaña que tiña por obxectivo que o goberno español cumprira o compromiso de acoller 17.387 persoas refuxiadas antes do 26 de setembro de 2017, data límite marcada pola Unión Europea en 2015. Malia as campañas, mobilizacións e o respaldo dunha gran parte da cidadanía, o goberno só acolleu un 7,5% destas persoas.

Con esta campaña á que nos sumamos xunto a organizacións, entidades, concellos, universidades e fundacións de todo o Estado, esiximos o respecto do Dereito Internacional, os Dereitos Humanos e os compromisos asumidos mediante un contador de tempo con conta atrás que colocamos na web e nas redes sociais e correos que amosaba os días, horas, minutos e segundos que quedan ata a data final do 26 de setembro.



#DefendiendoAMaleno

A Coordinadora sumouse a campaña #DefendiendoAMaleno impulsada por distintos colectivos e ONGD. Helena Maleno, investigadora experta en migracións e defensora de dereitos humanos, recibiu unha citación xudicial para declarar ante o Tribunal de Apelacións de Tánxer a finais de ano nunha investigación que, sen dúbida enmarcábase na criminalización do traballo das activistas que denuncian as vulneracións que se cometen contra a poboación migrante. O proceso xudicial seguiu adiante en 2018.

**DOCUMENTAR CASOS DE
VIOLENCIA CONTRA MIGRANTES
EN CEUTA Y MELILLA**

visibilizando prácticas ilegales como las
'devoluciones en caliente' y denunciando
políticas como la 'externalización de
fronteras'



**NO ES
DELITO**
LA MINANDO
FRONTERAS

#DEFENDIENDOAMALENO

**Incidencia
política**

A incidencia política persigue a transformación das políticas municipais, nacionais e internacionais de cara a acadar a transformación social e un mundo xusto. As accións que se levan a cabo neste ámbito intentan influír nos organismos e nas persoas que dende distintos ámbitos toman decisións que afectan ao benestar de todos e todas. Tamén busca a mobilización e a implicación da cidadanía para que se impliquen colectivamente nos procesos que deben permitir o cambio social.

COOPERACIÓN GALEGA

A Cooperación Galega é nome que recibe a política pública de cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia. Actualmente, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores (DXRREE) e coa UE é o departamento do goberno con competencias, orzamento e planificación sobre esta cuestión e depende directamente de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia.

É por este motivo que a Coordinadora fai nela especial incidencia política coa vontade de mellorar a política autonómica de cooperación. Neste sentido, e ao longo de 2017, traballou en diversas liñas:

- **Reunión** co Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Nuñez Feijóo. Por primeira vez nos 26 anos de historia da Coordinadora, reunímonos co máximo responsable do goberno da Xunta de Galicia. Nesta xuntanza tamén participou o Vicepresidente, Alfonso Rueda, con quen nos reunimos noutra ocasión xunto ao responsable da DXRREE e coa UE, Jesús Gamallo. Nestas xuntanzas compartimos unha vez máis as nosas demandas para a consecución dunha política pública de cooperación de calidade. E negociamos, por segundo ano consecutivo, a adaptación da normativa de subvencións ás especificidades dos proxectos de cooperación exterior para conseguir eliminar a división orzamentaria por capítulos (IV e VII) para que non sexa obrigatorio ligar a execución das anualidades dos proxectos aos anos orzamentario, cuestión pendente de resolver.



- **Presentación** do documento Demandas das ONGD galegas fronte ao IV Plan Director de Cooperación Galega. Elaborado pola Comisión de Incidencia e participado polas ONGD socias, o documento foi presentado en 2017 malia que o proceso de elaboración do novo Plan Director previsto para finais de ano quedou posposto para comezos de 2018.
- **Seguimento.** A Coordinadora mantivo xuntanzas periódicas coas persoas responsables da DXRREE e coa UE para facer seguimento e incidencia no desenvolvemento da política pública de cooperación galega e o Plan Anual de Cooperación Galega 2017.
- **Participación** en dúas ocasións no Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento (CONGACODE). Os 5 representantes das ONGD no Consello participaron a principios e a finais de ano para participar na votación e debate sobre o Plan Anual de Cooperación 2017 e Plan Anual de Cooperación 2018, respectivamente. Nas dúas ocasións abstivémonos ao non contar os Plans co orzamento demandado polo sector das ONGD.
- **Estudo** sobre a implementación da Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). As ONGD membro da Coordinadora participamos a finais de ano nunha sesión de traballo promovido polo grupo investigador da Universidade Complutense de Madrid contratado pola DXRREE e a coa UE encargado de estudar a implantación da Axenda 2030 dende o goberno galego.
- **Emendas** ao borrador das convocatorias. Como ven sendo habitual, a Coordinadora fixo proposta de modificacións ao borrador das convocatorias que a Xunta de Galicia publicou ao longo do ano.



COOPERACIÓN LOCAL

Mantivéronse xuntanzas periódicas coas principais administracións locais que traballan no eido da cooperación ao desenvolvemento para facer seguimento e avaliación constante da evolución da política de cooperación ao desenvolvemento a nivel local.

En concreto, en 2017 reunímonos con representantes dos concellos de A Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra e Ourense e coas Deputacións de A Coruña, Lugo e Pontevedra. Ademais, fixemos achegas específicas ás bases de novas convocatorias locais que se publicaron (ou o farán en 2018) pola Deputación de A Coruña, o Concello de Santiago de Compostela e o Concello de A Coruña. Tamén participamos na Comisión Avaliadora (con voz pero sen voto) na resolución de proxectos do Concello de Compostela e no Concello de Lugo.

Por outra banda, a Xunta Directiva e a Comisión de Incidencia realizaron un constante seguimento de avances das demandas electorais da Coordinadora para a política municipal de cooperación ao desenvolvemento para lembrar ás persoas responsables das administracións a nosas demandas.



Xornadas e formacións



Xornadas de reflexión

A Coordinadora organiza todos os anos xornadas que teñen o obxectivo de promover a reflexión sobre cuestións específicas vinculadas co traballo que levamos a cabo as ONGD na defensa dos dereitos das persoas e a loita contra a pobreza e as desigualdades. Son xornadas abertas á cidadanía coas que buscamos xerar espazos de debate e promover o encontro de persoas, colectivos e organizacións diversas. Esta ano organizamos, xunto a outras entidades e institucións, 6 encontros diferentes centrados na promoción da participación e a formación sobre a teoría de xénero e os feminismos.

FORMACIÓN SOBRE PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO NAS ONGD

O 3 de xuño tivo lugar no Centro Don Bosco de Compostela unha formación sobre participación e voluntariado nas ONGD dirixida ás persoas que, dende distintos perfís, traballan nas ONG de Desenvolvemento. Co obxectivo de responder á demandas das ONGD nesta materia organizouse unha formación dinamizada polo Equipo CRAC que combinou teoría, práctica e intercambio de experiencias sobre distintas cuestións. Ao longo da sesión falou-se do que significa participar; que condicións deben darse para que sexa real e efectiva; que tipo de participación e voluntariado se promove dende as ONGD; cales son algunhas claves do éxito na participación... Ademais, ás persoas asistentes consensuamos o modelo de voluntariado que queremos que se promocioe dende as ONG de Desenvolvemento. E estas foron as características acordadas: un voluntariado activista; con pensamento crítico sobre a realidade; participativo; comprometido; propositivo; transformador; non individualista e cooperativo; optimista cara ao cambio; e con capacidade para aprender.


Este consenso será o punto de partida para seguir traballando na formación interna nas ONGD e a incidencia cara ás administracións que promocionan o voluntariado.

FORMACIÓNS E ESPAZOS DE ENCONTRO SOBRE TEORÍA DE XÉNERO E FEMINISMOS

En 2016, impulsamos a posta en marcha dun grupo de xénero, un espazo aberto á participación de calquera persoa que estivera interesada en aprender. A liña de traballo prioritaria que decidimos levar a cabo ao longo de 2017 foi a organización de formacións sobre temáticas diversas para aprender sobre teoría de xénero e historia dos feminismos.

• SESIÓN DE AUTOFORMACIÓN DO GRUPO DE XÉNERO

O 9 de marzo organizamos en Compostela, co acompañamento de dúas persoas externas ao grupo, unha sesión de “autoformación” na que, a partir das experiencias persoais das participantes repasouse a historia dos feminismos e conceptos básicos da Teoría de Xénero. A última hora da sesión dedicouse a reflexionar, colectivamente, sobre as temáticas de interese para seguir coa formación do grupo e marcouse como unha das prioridades de traballo coñecer os feminismos que lideran mulleres do Sur, doutros países, para aprender delas e incorporar a súa experiencia no noso traballo de cooperación e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global. Na sesión participaron 20 persoas, das cales 17 foron mulleres.






· OBRADOIRO DE FEMINISMOS CULTURAIS

Seguindo as propostas, organizouse unha novo obradoiro o 10 de maio centrado nos Feminismos Culturais. Neste obradoiro, programáronse dinámicas de presentación e de reflexión en grupo e logo, o grupo dividiuse en 3 subgrupos: feminismos negros, latinos e árabes e, en cada un, seguiuase a mesma metodoloxía: revisión das ideas preconcebidas, estereotipos, coñecementos que temos sobre o tema en cuestión; contextualización con vídeos e artigos de mulleres feministas; lectura individual dun artigo e un pequeno debate sobre todo o aprendido nesa xornada. No obradoiro participaron 43 persoas, das cales 39 foron mulleres.



CHARLA “FEMINISMOS EN CENTROAMÉRICA: DA LOITA INDIVIDUAL DAS MULLERES AOS MOVEMENTOS ORGANIZADOS”

O mesmo 10 de maio pola tarde, e da man de Haydée Castillo, directora do Instituto de Liderazgo de Las Segovias (Nicaragua) e coordinadora rexional do Foro de las Mujeres para la Integración Centroamericana, organizouse unha charla na Librería de Mulleres Lila de Lilith arredor dos feminismos en Centroamérica. Castillo repasou a súa historia de vida e loita en Nicaragua como ex-dirixente do Frente Sandinista de Liberación Nacional que a finais dos anos setenta acabou coa ditadura de Somoza e falou dos actuais retos pola defensa dos dereitos das mulleres no seu país e a situación dos colectivos feministas. Máis de 40 persoas, a maioría mulleres, participaron neste espazo de encontro e debate.





Chocolatada Xusta


Como se fixera en anos anteriores, o grupo de Lugo organizou unha Chocolatada de Comercio Xusto. Celebrouse a tarde do 28 de novembro na Praza de Abastos de Lugo, coincidindo co Mercado da Terra (mercado de produtos local e ecolóxico) que tamén forma parte da campaña “Lugo, cidade polo Comercio Xusto”. A xornada contou con diversas actividades (exposición, concerto e xogos) e espazos de sensibilización e venda de produtos de comercio xusto, ecolóxico e de proximidade. Calcúlase que unhas 300 persoas participaron nas actividades e se achegaron ao mercado.



Compostela + Solidaria

En 2017, xunto ao concello de Santiago organizamos a segunda edición do 'Compostela+Solidaria', un programa de sensibilización con máis de 30 actividades para todas as idades que se levou a cabo do 23 de maio ao 18 de xuño. A través de obradoiros, charlas, exposicións, unha 'Mostra de cine documental', contacontos, espazos infantís e unha Feira Solidaria a cidadanía tivo a oportunidade de participar en actividades nas que se puxo o foco nos Dereitos Humanos e na necesidade de defendelos colectivamente para que todas as persoas, independentemente da súa orixe e de onde vivan, os teñan garantidos. Co Compostela + Solidaria tamén se deu a coñecer a realidade dos países empobrecidos, o traballo das ONGD galegas e as alternativas solidarias e xustas que dende o local contribúen a mudar o mundo.

Esta edición trouxo algunhas novidades respecto o ano anterior. Unha delas foi a 'Mostra de cine documental', unha proposta en formato cine foro na que se proxectaron seis títulos de curtas e largometraxes que retratan realidades como a das migracións, o acceso á saúde e o dereito a ter unha vivenda digna. Precisamente, a actividade inaugural desta segunda edición foi a proxección de 'Frágil equilibrio' premio Goya 2017 ao mellor documental. Outra das novidades foi o formato da Feira Solidaria que tivo lugar o 16 de xuño. A Feira foi un espazo de encontro na rúa, na praza Roxa, onde se ofreceron actividades para todas as idades ao longo do día (xogos, graffiti, obradoiro de chapas, xogos cooperativos...) así coma un espazo radiofónico en directo e postos informativos sobre o traballo das ONGD e tamén de venda de produtos de comercio xusto. Pola mañá, alumnado de distintos centros educativos da cidade e tamén da asociación ASPANAES participaron nun roteiro de actividades pensadas para reflexionar sobre as desigualdades e as alternativas para acadar un mundo máis xusto. Pola tarde, a Feira contou coa participación de persoas de todas as idades que puideron xogar, probar, sentir e aprender sobre a diversidade e a xustiza social.





POLOS DEREITOS SEN FRONTERAS

Esta segunda edición mantivo a oferta de actividades para todas as idades nos Centros Socioculturais da cidade e sumou espazos como a Biblioteca Ánxel Casal, o Pazo de Fonseca e a Fundación Granells. En total, programáronse 35 actividades para todas as idades que promoveron a reflexión conxunta a través de obradoiros lúdicos, proxeccións de documentais, debates, charlas, actividades de rúa, exposicións, concertos... Foron espazos de convivencia nos que a cidadanía de Compostela puido coñecer de primeira man a realidade dos países empobrecidos, os efectos positivos da cooperación ao desenvolvemento neses contextos e as posibilidades de contribuír e mudar cuestións globais dende o noso día a día e a nosa realidade máis próxima.

Ao longo desta edición, 17 ONGD da Coordinadora (Agareso, AIDA, Amigos da Terra, Asemblea de Cooperación pola Paz, Ecos do Sur, Educo, Entreculturas, Enxeñería sen Fronteiras, Farmamundi, FISC, Interred, Implicadas no Desenvolvemento, Mans Unidas, Oxfam Intermon, Panxea, Solidariedade Internacional de Galicia e Terra de Homes) organizaron 17 actividades, instalaron 9 exposicións, proxectaron 6 documentais e programaron 11 actividades na Feira Solidaria. En total, calcúlase que máis de 600 persoas participaron nas actividades (a maioría nenos e nenas) e que ata 16.000 persoas tiveron acceso ás 9 exposicións instaladas na cidade.



Formación técnica

Un dos obxectivos estratéxicos da Coordinadora é fortalecer as capacidades técnicas das ONGD integradas promovendo a reflexión e achegando coñecementos sobre cuestións diversas. Para iso, todos os anos organizamos formacións dirixidas ao persoal técnico das ONGD, ao voluntariado, ás persoas socias, etc. En 2017 ofrecemos dous formacións.

CLAVES PARA MELLORAR A ORGANIZACIÓN E PRODUCCIÓN DUN EVENTO SOLIDARIO

Co obxectivo de achegar ás ONGD galegas as claves fundamentais para organizar e comunicar con éxito un evento solidario o 27 de setembro organizamos unha formación na que participaron 27 persoas, a maioría das cales mulleres. Dende a Coordinadora, logo de moitos anos de traballo detectamos que o principal problema das ONGD á hora de levar á práctica unha actividade é a falta de organización na produción e comunicación do evento. Para iso, organizamos xunto á ONGD AGARESO unha xornada de traballo de 7 horas nas que repasaron as principais cuestións de pre-produción, produción, montaxe e comunicación dunha actividade co obxectivo de achegar información que permita mudar dinámicas na organización deste tipo de eventos.

Unha vez rematado o curso, ofrecemos a todas as asistentes vinculadas a unha das ONGD integradas á Coordinadora a posibilidade de acceder a unha titoría personalizada para tratar un caso real e poñer en práctica a teoría aprendida na aula para un evento específico.





CLAVES PARA ORGANIZAR CAMPAÑAS DE INCIDENCIA

En 2017, e por segundo ano consecutivo, programamos unha formación impulsada pola Comisión de Incidencia e enfocada a mellorar os procesos e campañas que levamos a cabo as ONGD. A formación foi dinamizada por Cipó Company nunha xornada de 8 horas nas que se trataron as fases dunha campaña de incidencia; a eficacia nas reunións de incidencia política e a comunicación na incidencia. Asistiron 16 persoas, 6 homes e 10 mulleres.

Ademais, responsables da Coordinadora mantiveron unha reunión-tutoría con Cipó para preparar as xuntanzas de incidencia política programadas con administracións locais e da Xunta

Participación e trabajo en rede

Unha das liñas estratéxicas da Coordinadora é a de potenciar e afianzar alianzas con organizacións e colectivos cos que compartimos o obxectivo de transformar a realidade a través da loita contra a pobreza, a promoción da xustiza social e unha relación de coidado co medio e entre as persoas. Tamén participamos en espazos de representación do sector e en encontros, xornadas e formacións aos que nos convidan a participar para tomar a voz e contar quen somos e que estamos a facer.

En 2017 traballamos en rede en distintos espazos e con diferentes actores:

Coordinadora Estatal de ONGD

REDE DE COORDINADORAS AUTONÓMICAS

A Coordinadora Galega de ONGD é, dende 2013, voceira da Rede de Coordinadoras Autonómicas. A Rede é un órgano propio que forma parte da Coordinadora Estatal de ONGD e conta con representantes das 17 Coordinadoras Autonómicas de todo o Estado. A Rede é un espazo para a incidencia política conxunta no eido da cooperación descentralizada e tamén para o intercambio de experiencias e boas prácticas dos distintos territorios. Organízanse reunións trimestrais e, en novembro, unha representación da Xunta Directiva e da Secretaría Técnica participamos no encontro anual que se celebrou en Madrid.

EQUIPO DIRECTIVO

A Coordinadora Galega de ONGD, a través de Gema Filgueira, ocupa o posto da Vicepresidencia Primeira do Equipo Directivo da Coordinadora Estatal de ONGD en representación da Rede de Coordinadoras Autonómicas. Ao longo de 2017, participamos en todas as reunións convocadas para a toma de decisións, planificación do traballo e posta en marcha de novas actividades e campañas.



Futuro en Común

Dende 2017 participamos en 'Futuro en Común' un espazo de encontro entre organizacións, movementos sociais, redes e plataformas sociais que traballan tanto no Estado como en outros países do mundo para acabar coa pobreza e as desigualdades e para facer respectar os límites ambientais do planeta. Este espazo xorde dende a Coordinadora Estatal de ONGD e ten o obxectivo de compartir axendas, identificar loitas compartidas, elementos comúns e diverxencias entre as súas participantes. Tamén, trazar accións conxuntas que posicionen as nosas demandas no centro das axendas locais e globais. De Futuro en Común saíu a idea do Quorum Global.

FUTURO EN COMÚN



Quorum Global

Dende a Coordinadora Galega de ONGD sumámonos a esta iniciativa que nace como un diálogo para construír unha nova narrativa do posible. É unha iniciativa que conectar as distintas loitas que se están a dar no Estado para sumar forzas, construír un discurso e planificar accións colectivas para ter unha resposta democrática e cidadá á crise ecosocial.

Rede galega en apoio ás persoas refuxiadas

A Coordinadora impulsou xunto co Foro Galego de Inmigración a formación da Rede Galega en Apoio as Persoas Refuxiadas en 2015. A Rede é un espazo construído desde diferentes organizacións sociais, políticas e sindicais co obxectivo de denunciar publicamente a inhumana xestión da crise das persoas refuxiadas levada a cabo polas diferentes institucións e gobernos da UE. Durante o primeiro trimestre de 2017, a Coordinadora participou activamente como entidade adherida na Rede e foi a partir de abril, e logo de reflexionar sobre o papel descentralizado que estaba a coller o grupo da Rede en Compostela, decidiuse que a Coordinadora só participaría en actividades e reunións específicas da Rede a nivel Galicia. E que o espazo de traballo local en Compostela cederíase ás ONGD da cidade.





Por outra banda, dende a Coordinadora participamos en distintas xornadas, formacións e actividades ás que nos convidaron.

XORNADAS TRANSFRONTERIZAS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO.

No mes de abril, representantes da Coordinadora e de dúas ONGD da Comisión de ED (AGARESO e Solidariedade Internacional) participamos nunhas xornadas nas que representantes das ONGD e do eido educativo de Portugal e as Comunidades Autónomas fronteiras co país luso participamos para coñecernos e intercambiar experiencias sobre Educación para a Cidadanía Global. Tamén, para coordinar un espazo de traballo en rede e colaborativo. As Xornadas foron organizadas pola Coordinadora Extremeña de ONGD e a Plataforma Portuguesa de ONGD así como pola Agencia Extremeña de Cooperación e o Instituto Camoês.

SEMINARIO DE XORNALISMO SOCIAL E COOPERACIÓN INTERNACIONAL.

Participamos en dúas ocasións nesta formación organizada pola ONGD AGARESO dirixida a comunicadoras e xornalistas. Nunha delas, explicamos nunha mesa redonda sobre colectivos e organizacións sociais que é a Coordinadora e que facemos; e, noutra, falando sobre o uso das imaxes por parte das ONGD, as necesidades de mellora neste ámbito e os mecanismos de autorregulación do sector cos que contamos.

XORNADAS DE CIBERACTIVISMO.

A ONGD Ecos do Sur convidou á Coordinadora a participar nunhas xornadas sobre Ciberactivismo centradas en contrarrestar os discursos de odio nas redes sociais. Participamos nunha das sesións de traballo xunto a outros colectivos, ONGD, profesorado e traballadoras sociais.



TRANSFORMAR O MUNDO DENDE O LOCAL. O PAPEL DOS GOBERNOS LOCAIS, REXIONAIS E DA SOCIEDADE CIVIL NA AXENDA 2030.

O curso foi organizado pola Coordinadora Estatal de ONGD en colaboración coa Coordinara Autonómica de Navarra e contou coa participación de representantes da Coordinadora Galega de ONGD. Foi un espazo no que se compartiu e analizou como se están a incorporar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) nas axenda das administracións públicas e cal debe ser o papel das ONGD á hora de facer incidencia neste campo.

A IGUALDADE DE XÉNERO NA AXENDA DO DESENVOLVEMENTO.

No marco deste curso de verán organizado polo Equipo de Socioloxía das Migracións Internacionais (ESOMI) da Universidade da Coruña e a ONGD Enxeñería sen Fronteras, convidáronnos a participar nunha mesa sobre xénero e ONGD na que falamos das experiencias feministas das ONGD en Galicia, do traballo pendente que queda por facer neste eido e os pasos dados os últimos anos en materia de xénero no sector.

MOSTRA DO POSIBLE.

Participamos neste evento organizado pola Rede de Solidariedade Popular de Vigo (RSP) en Cangas do Morrazo en outubro. Foi un espazo de encontro entre colectivos e entidades de economía social que apostan pola transformación cara a un mundo máis xusto, colaborativo e solidario. Participamos nunha mesa sobre a defensa dos dereitos sociais explicando o traballo das ONG de Desenvolvemento e da Coordinadora.



IV XORNADAS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO. A EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL NO SISTEMA EDUCATIVO.

A ONGD Solidariade Internacional e a Universidade de Coruña organizaron estas xornadas o mes de novembro. Convidáronnos a participar nunha mesa de experiencias de innovación educativa na que contamos cal é o noso papel, como Coordinadora, na construción dunha cidadanía crítica, transformadora e global.



Ferramentas de comunicación

Alén de difundir as actividades que levamos a cabo, dende a Coordinadora queremos tomar a palabra a partir das distintas ferramentas de comunicación das que dispoñemos co obxectivo de expresar a nosa visión do mundo e a nosa forma de querer transformalo.

Análise político

O traballo de análise político, descrito ao longo deste documento, garante a valoración das propostas políticas que se levan a cabo no eido da cooperación ao desenvolvemento dende o ámbito local, autonómico, estatal e tamén sectorial. Este traballo, composto por múltiples achegas dos grupos de traballo que temos en marcha, a Coordinadora Estatal de ONGD e a Rede de Coordinadoras Autonómicas é imprescindible para elaborar e construír análises que promoven a incidencia e a transformación política a favor da xustiza social e os dereitos humanos. Destacan en 2017, a análise levada a cabo en relación ás demandas para o IV Plan Director de Cooperación Galega e análise da evolución da política pública de cooperación ao desenvolvemento no ámbito local.

Comunicación interna

A comunicación interna é imprescindible para o fomento da participación na Coordinadora, para manter unha canle de comunicación bidireccional coas organizacións socias e os distintos grupos de traballo e o fortalecemento do traballo colectivo. A través desta vía, achégase información que afecta ao sector nos ámbitos normativos, de incidencia política, de traballo en rede... A comunicación interna é tamén fundamental para levar a cabo proceso de avaliación e de consulta. En 2017, enviáronse ata 53 comunicado internos e atendéronse numerosas consultas diversas. Tamén, coa axuda de Arquitectura sen Fronteiras, editamos

DEMANDAS DAS ONGD GALEGAS PARA O

IV PLAN DIRECTOR DA COOPERACIÓN GALEGA



As 46 ONGD que conformamos a Coordinadora Galega de ONGD demandamos un novo Plan Director da Cooperación Galega (PD) que se sitúe á altura dos retos globais aos que nos enfrontamos (crises humanitarias e de desgrazamentos naturais, crise ecolóxica, loita contra a pobreza e as desigualdades globais, aumento dos discursos xenófobos, etc.) e que axa que de alíñase coa nova Axenda de Desenvolvemento Internacional. O novo PD é unha oportunidade inigualable para asumir un papel relevante dende Galicia na definición dun novo modelo de desenvolvemento que contribúa a crear un mundo máis xusto. Tamén para situar a Cooperación Galega como referente da cooperación descentralizada do Estado español.



IV Plan Director da Cooperación Galega, unha oportunidade para situar a política galega de cooperación ao desenvolvemento á altura dos retos globais



COORDINADORA GALEGA DE ONGD

para o Desenvolvemento



dous vídeos tutoriais para facilitar o uso da nova Sede Electrónica da Xunta de Galicia, ferramenta a partir da cal deben facerse todas as xestións coa Cooperación Galega.

Comunicación externa

A comunicación externa é a ferramenta imprescindible para trasladar á cidadanía as nosas posicións e propostas; narrar con rigor os asuntos que nos preocupan e ocupan; e informar sobre o que estamos a facer nos distintas liñas de traballo. As ferramentas que utilizamos para isto son a nosa web, as redes sociais, as notas de prensa, a presenza en medios de comunicación, participando en charlas e xornadas...

En 2017 renovamos a páxina web da Coordinadora (www.galiciasolidaria.org) para contar cun espazo web máis limpo, ordenado e práctico que sexa referencia para o sector das ONGD en Galicia. Para iso, mudamos a imaxe xeral da web, as cores corporativas, a tipografía e a distribución da información. Por outra banda, creáronse novos espazos de información como 'campañas', 'voluntariado', 'prácticas profesionais', 'publicacións online' e o apartado de 'transparencia'.

Estes cambios fixéronse efectivos ao final do ano motivo polo cal non se puido avaliar o seu impacto no tráfico da web.

Por outra banda, ao longo do ano traballamos para difundir o ideario e as actividades da Coordinadora pero, sobre todo, para dar voz ás ONGD galegas e ás organizacións do Sur. Un dos obxectivos da Coordinadora en 2017 foi seguir traballando para ter presenza de calidade nos medios de comunicación galegos, especialmente nos alternativos ou non convencionais.

Entendemos que nun momento como o actual, o papel fundamental da Coordinadora ten que ser o de explicar o traballo que desenvolven as ONGD, cal é a importancia do voluntariado, o imprescindible do cumprimento dos compromisos políticos en materia de cooperación, a necesidade dunha sociedade crítica e comprometida... Pero tamén, ofrecer unha interpretación crítica e alternativa da realidade global poñendo un especial foco na concepción de que o “local é global”; e achegando discurso alternativo aos discursos de odio que están a cobrar forza nun contexto de crise migratoria. No ano 2017 acadáronse 95 impactos comunicativos en televisión, radio e en prensa escrita e dixital.



Transparencia

Ferramenta de transparencia e bo Goberno da Coordinadora

No ano 2009, a Comisión de Normativa propuxo como instrumento de seguimento e cumprimento do Código de Conduta da Coordinadora a adopción da ferramenta de Transparencia e bo goberno. Esta ferramenta foi deseñada coma unha relación de indicadores obxectivamente verificables que, acompañada dunha metodoloxía de uso, permite verificar o grao de transparencia e bo goberno das ONGD e da propia Coordinadora. Por un lado, esta iniciativa quere ter un enfoque promotor da transparencia e o bo goberno entre as ONGD membro, identificando unha serie de parámetros que o conxunto do sector identifica como boas práctica. E polo outro lado, a aplicación deste procedemento suporía un exercicio público de rendición de contas.

De acordo ao mandato da Asemblea Xeral de ONGD socias, os anos 2016 e 2017 as ONGD socias terán que presentar a autoavaliación da ferramenta de transparencia de forma voluntaria, no 2018 a ferramenta con auditoría, aínda de forma voluntaria, e no 2019 con auditoría e xa de maneira obrigatoria.

En 2017, 10 ONGD animáronse a iniciar este proceso de revisión e adaptación á ferramenta de transparencia e bo goberno. Revisouse a documentación aportada, marcáronse reunións individuais con 7 destas organizacións, visitáronse as súas sedes para ver os problemas concretos e individuais atopados por cada unha e revisar a documentación precisa para o visto bo do cumprimento da Ferramenta.



A Coordinadora en cifras

REUNIÓN EXTERNAS




REUNIÓN INTERNAS



FORMACIÓN




COMUNICACIÓN INTERNA



53

**Comunicados
internos**



1


**Carta
Presidencia**

COMUNICACIÓN EXTERNA



35.400

Visitas web



15

Entrevistas



95

**Impactos
en medios**



15

**Notas de
prensa**



3

**Roldas de
prensa**



2.366
Amizades



2.492
seguidores
7.300
chíos



24
vídeos
4.496
visualizacions



1.332
fotos

Datos económicos 2017

GASTOS 2017	
Gastos Correntes	8.646,44 €
Persoal vinculado á execución de actividades	78.555,63€
ACTIVIDADES	
Curso “Claves para mellorar as campañas de incidencia” e titorías adaptadas a casos reais	1.908,98 €
Representación institucional e traballo en rede: participación en redes e plataformas, formacións e xornadas promovidas por entidades externas e mantemento de xuntanzas con actores de interese para o traballo das ONGD	1.463,45 €
Informe sobre o Sector das ONGD galegas: deseño enquisa online para recollida de datos xeolocalizados	661,25 €
Campañas de sensibilización e incidencia política sobre comercio xusto, loita contra a pobreza e as desigualdades, economía solidaria, defensa da política pública de cooperación e dos DDHH	1.409,60 €
Curso “Claves para mellorar a produción e comunicación dun evento solidario” e titorías adaptadas a casos reais	1.146,40 €
Comunicación externa: difundir novas relacionadas co sector da cooperación ao desenvolvemento entre a sociedade galega e os medios de comunicación a través das redes sociais e a web; e adaptación e actualización da web e o boletín externo da Coordinadora	697,68 €
Formación sobre Participación e Voluntariado	1.408,06 €
Promoción da participación das ONGD socias nos órganos de traballo interno e achegamento a ONGD non socias	847,17 €
Transparencia e Bo Goberno: promoción da mellora da transparencia, o bo goberno e o cumprimento do código de conduta das ONGD socias e da Coordinadora; publicación de memorias anuais, adaptación para o correcto tratamento e protección de datos	1.470,07 €

Organización de Asembleas, reunións da Xunta Directiva e formacións dirixidas a reforzar as capacidades técnicas do equipo técnico e da Xunta Directiva e difusión de Planificación Estratéxica 2017-2020	983,72 €
Asesorar e informar ás ONGD socias. Elaboración de Guía para Uso da Sede Electrónica da Xunta	266,80 €
Espazos de reflexión, innovación e intercambio para ONGD socias (sobre teoría de xénero e feminismos culturais e xestión de tendas de comercio xusto)	1.967,65 €
Segunda edición do programa Compostela+Solidaria	9.460,73 €
Gastos bancarios	71,06 €
TOTAL	23.762,62 €
Amortizacións (Ordenadores, páxina web, cámara de vídeo,...)	221,61 €
Seguros	769,41 €
Gastos de desprazamento e dietas, participación na Coordinadora Estatal de ONGD	613,27 €
TOTAIS	112.568,98 €

Memoria de Actividades 2017